

REGULAMENTO CAMAS ARTICULADAS E GRÚAS

FUNDAMENTACIÓN E XUSTIFICACIÓN

O aumento da esperanza de vida, xunto con outros factores, provocan o aumento das persoas con dependencia e cunhas necesidades específicas debido as súas limitacións funcionais.

Cando a unidade familiar decide atender a/o enfermo no domicilio, ven sendo habitual a demanda de axudas técnicas ou de adaptación funcional do fogar.

Entre este tipo de axudas atópanse as camas articuladas e as grúas, que se ben responden a definición de **axuda técnica** “Aquel dispositivo ou equipamento de diferente grado e complexidade, que permita suplir ou disminuir as limitacións ou carencias funcionais das persoas maiores e discapacitadas, favorecendo a súa autonomía persoal”, na maioría das ocasións o que trata de favorecer é a autonomía da persoa cuidadora principal para prestarlle as atencións necesarias a persoa dependente; tamén ten unha función importante coma instrumento que permite a **adaptación do fogar**, xa que aumenta as posibilidades de desenvolverse nel.

Tendo en conta todo o anterior o Concello de Pol decide crear un Programa de préstamo de camas articuladas e grúas.

BASE XURÍDICA

- Estatuto de Autonomía de Galicia. Lei Orgánica 1/1981 do 6 de Abril
- Lei 4/1993, do 14 de abril de Servizos Sociais de Galicia
- Orde do 22 de xaneiro de 2009 polo que se regula o servizo de axuda no fogar.
- Decreto 240/1995, do 28 de xullo polo que se regulan os Servizos Sociais de Atención Primaria.
- Regulamento Municipal do SAF
- Lei Xeral de Sanidade. Lei 14/1986 de 25 de Abril.
- Lei 39/2006. de 14 de diciembre de Promoción da autonomía persoal e atención as persoas en situación de dependencia.

OBXECTIVOS XERAIS

- Facilitar a adecuada permanencia no fogar das persoas dependentes, cando estas ou a súa familia así o decidan.
- Aportar á/s persoa/s cuidadora/s axudas técnicas que simplifiquen o seu labor.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Garantir as axudas técnicas necesarias para previr problemas xerais da/o usuaria/o tales como problemas cutáneos, muscoesqueléticos, cardiovasculares, respiratorios, gastrointestinais, de aseo, de mobilización...
- Mellorar a calidade de vida da persoa cuidadora principal.

BENEFICIARIOS

Persoas con limitacións funcionais graves, que teñan recoñecemento da situación de dependencia, e que as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006.

REQUISITOS

- Estar recoñecidos como dependentes.
- Estar empadroada/o e ter residencia efectiva no Concello de Pol.

DOCUMENTACIÓN

- Presentación da solicitude (Anexo 1) no Rexistro Xeral do Concello
- D.N.I. da persoa solicitante e beneficiaria
- Resolución de Recoñecemento da situación de dependencia..
- Xustificante de Ingresos da unidade familiar (entendendo por unidade familiar o dependente e en su caso o cónxuxe).

METODOLOXIA DE ACCESO E SELECCIÓN

- Informe Social (Anexo III)
- A determinación da capacidade económica das persoas usuarias calcularase en atención a súa renda e, se é o caso, ao seu patrimonio (artigo 26 da Orde do 17 de decembro de 2007):

*A **renda** do beneficiario valorarase atendendo aos ingresos netos que perciba (rendementos de traballo, pensións e prestacións de previsión social, os rendementos de capital mobiliario e inmobiliario, os rendementos das actividades económicas e ganancias e perdas patrimoniais.)

En caso de que a persoa beneficiaria tivese cónxuxe ou parella de feito, entenderase como renda persoal a metade da suma dos ingresos de ambos os dous membros da parella.

*Cando a persoa beneficiaria tivese ao seu cargo o cónxuxe ou parella de feito, ascendentes ou fillos/as menores de 25 anos ou maiores en situación de discapacidade, que dependesen economicamente dela, a súa capacidade económica determinarase dividindo a súa renda e patrimonio entre o número de persoas tidas en conta ademais do beneficiario.

1.- Priorización de beneficiarios/as:

En base a suma de a puntuación dos seguintes criterios situarase a solicitude nunha orde determinada de preferencia, de maior a menor puntuación:

- Recoñecemento da situación de dependencia:

| | |
|-----------------------------|----------|
| Grado III nivel 2 y 1.----- | 5 puntos |
| Grado II nivel 2. ----- | 4 puntos |
| Grado II nivel 1.----- | 3 puntos |
| Grado I nivel 2 ----- | 2 puntos |
| Grado I nivel 1 ----- | 1 puntos |

Os grados e niveis que non están implantados no ano non puntuarán.

- Ingresos económicos da unidade familiar

- 1.- No caso de que a capacidade económica da unidade familiar sexa igual ou inferior ó IPREM..... 25 puntos.
- 2.- No caso de que a capacidade económica da unidade familiar sexa igual ou inferior ó 300% do IPREM20 puntos.
- 3.- No caso de que a capacidade económica da unidade familiar sexa igual ou inferior ó 500% do IPREM..... 15 puntos.
- 4.- No caso de que a capacidade económica da unidade familiar sexa superior ó 500% do IPREM..... 0 puntos.

2.- Se a valoración social é favorable pasará a formar parte do listado de posibles usuarios/as do programa de camas articuladas e grúas por orden de puntuación, e a demanda será satisfeita dependendo dos recursos disponibles nese momento. No caso de non haber cama o grúas os expedientes pasarán a formar parte da lista de espera. A concesión será comunicada a persoa beneficiaria por escrito.

3.- A recollida e entrega da axuda técnica será responsabilidade da familia da usuria/o.

4.- A Traballadora Social será a responsable de facer un informe de seguimento anual das/os usuarias/os do recurso

5.- O usuario o a súa familia comprométese a devolver, cando a finalidade esté cumprida, a axuda técnica nas mellores condicións.

FINANZAMENTO

Tendo en conta que se trata dun apoio básico na atención as persoas con dependencia, non se cobrará tarifa económica/o ó usuario/a.

ANEXO I

SOLICITUDE

Solicitante(en caso de ser distinto do beneficiario):

D/D^a _____
_____ con D.N.I. n.º. _____ e domicilio
en _____ con tfno. de contacto _____.

Beneficiario:

D/D^a _____
con D.N.I.n.º. _____ Data de nacemento _____ Estado
civil _____ e domicilio en _____ con tfno.
de contacto _____.

Documentación que achega:

- . D.N.I. do solicitante e beneficiario/a
- . Valoración Dependencia.
- . Justificante de ingresos (beneficiario e cónxuxe).

POL a _____ de _____ de 200

Asdo. O Interesado.

ANEXO II
DECLARACION

D/D^a _____ con D.N.I.nº. _____
Recole a **cama articulada/grúa** para o beneficiario

E esta consta de _____

o día _____

Disporá da **Cama articulada/Grúa** para o seu uso quedando obrigado a comunicar calquera variación da situación no departamento de SS.SS.

Será responsable do seu mantemento mentres a **Cama/Grúa** permaneza no seu domicilio, asumindo o custe de calquera desperfecto que non sexa propio do seu uso.

Farase cargo do traslado da **Cama/Grúa** tanto na recollida como na devolución segundo as indicacións oportunas do departamento de SS.SS.

POL, a _____ de _____ de 200

Asdo. _____

ANEXO III

INFORME SOCIAL

. DATOS PERSOAIS DO BENEFICIARIO/A:

Nome e apelidos _____
D.N.I. _____ Data de nacemento _____
Estado Civil _____

. GRADO DE DEPENDENCIA

Puntuación do Grado _____

. DATOS ECONOMICOS DA UNIDADE FAMILIAR

Puntuación da situación económica _____

. VALORACIÓN DO RECURSO SOLICITADO A NECESIDADE OBSERVADA

PROPOSTA:

Puntuación Total _____

Pol, a _____ de _____ de 200
Traballadora Social

Colegiada n°.